

Xacemento Santo Adrao

010239

Datos de Localización

Necrópole

Nomenclator:	3200502
Coord. UTM:	X: 605773 Y: 4643824
Concello:	Baltar
Parroquia:	BALTAR
Lugar:	Baltar
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Necrópoles
Subtipo:	Necrópole
Denominación:	Xacemento Santo Adrao
Etapa Histórica:	Idade Media
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Dende Baltar, coller a nova estrada que comunica con Portugal denominada "A Fronteira" e seguila uns 1500 metros. Trátase dun pequeno outeiro atravesado por esta estrada.

As referencias dos veciños sitúan a aparición de restos de tumbas no momento da construción da estrada actual cara a Portugal, que pasa polo medio do xacemento. As súas descripcións foron moi vagas, refírense a elas coma "en forma de pías", polo que leva a pensar que se trataría de sartegos escavados na rocha. Tamén falan da existencia dunha serie de casas e unha capela en honor a San Adrián. A imaxe que na actualidade existe na ermida da Asunción procedería deste lugar. Atopáronse toda unha serie de referencias desta capela no traballo de arquivo así no:

libro 4.3.8. BALTAR:

fol. 19. Visita do 13 de Outubro de 1712. Cítanse e capelas "... La una de santa María dos montes la otra de San Adrián y la otra de San Martín..."

fol.44. Visita do 7 de Xuño de 1764. "... Ay también otra Hermita de Nuestra Señora de los Montes y otra de San Adriano..."

fol.56. Visita do 29 de Setembro de 1830. "Y por cuanto la capilla de San Adrián está arruinada, recoja el párroco la teja y mas que huviere para la yglesia".

Localizáronse rebaixas rectilíneas na rocha. Na ficha da Xunta describen unha "pía" circular escavada nun dos afloramentos, xunto con outra "pía" de forma ovalada, que se encontra amontoada xunto con terra e outros restos nun dos extremos da finca, como produto das remodelacións da parcelaria. Na nosa revisión non se atoparon.

No Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense depositáronse un total de 8 anacos procedentes deste lugar. Hai unha única peza lítica, correspondente a unha laca ou posible microlito en sílex. Dos sete anacos de cerámica, a maioría son de adscripción indíxena ou castrexa, mentras que dos outros, cando menos un deles, podería corresponder coa etapa medieval. Esta última podería corresponder coas referencias á aparición de tumbas na rocha.

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Código de identificación: GA32005012.

-Materiais recollidos na prospección arqueolóxica para a localización e delimitación dos elementos patrimoniais do Concello de Baltar (Ourense). De cara a elaboración do P.X.O.M.

-A.H.D.OU.
BALTAR
Libro 4.3.8.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Monte baixo e zonas incultas

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Data.

Descrición: O xacemento atópase cortado pola estrada que une con Portugal. Ademais as súas fincas foron obxeto de explanacións e remocións provocadas pola concentración parcelaria.

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles





